

PLAN DE PROMOCIÓN – CURSO 2021/2022

Dentro do Plan de promoción da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, intégranse as seguintes liñas de actuación:

- i. Promoción da Facultade e as diferentes titulacións ofertadas a través da páxina web.
- ii. Edición de trípticos informativos para cada unha das titulacións de grao e dobre grao da Facultade.
- iii. Atención a visitas de centros de secundaria á Facultade.

Durante o curso 2021/2022, a relación de visitas de centros de secundaria figura na seguinte listaxe:

- IES Val Miñor, 17 de novembro de 2020
 - IES de Mos, 20 de decembro de 2020
 - IES Rodeira, 19 de xaneiro de 2021
 - IES As Barxas, 15 de febrero de 2021
 - IES Pazo da Mercé As Neves, 21 de febrero de 2021
 - IES Mendiño, 23 de febrero de 2021
 - IES Castelao, 9 de marzo de 2021
 - Sagrado Corazón, 11 de marzo de 2021
 - IES Illa de Tambo, 17 de marzo de 2021
 - IES A Cañiza, 25 de marzo de 2021
 - IES O Castro, 30 de marzo de 2021
 - IES nº1 O Carballiño, 4 de abril de 2021
 - IES Escolas Proval, 7 de abril de 2021
 - IES San Tomé, 20 de abril de 2021
 - IES Val do Tea, 25 de abril de 2021
 - IES Chamoso, 29 de abril de 2021
- iv. Participación en XORNADAS DE ORIENTACIÓN UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Trátase de xornadas de orientación académica que representan aos tres campus que conforman a nosa Universidade. O sue obxectivo é dar a coñecer a totalidade da oferta formativa da universidade entre os centros de FP, institutos e colexios con secundaria e bacharelato de Galicia.

A Xornada de portas abertas celebrouse o 26 de xuño de 2022.

A Xornada de Orientación Universitaria para Mestrados tivo lugar o 25 de maio de 2022, dirixida a achegar información sobre os prazos, condicións de acceso, preinscrición e matrícula, así como da oferta de titulacións de mestrado da Universidade de Vigo.

v. Participación en EDUGAL

A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo presentou a súa oferta neste Salón de Oferta de Educación e Formación de Galicia dentro dun catálogo de oferta formativa que integraba á Universidade de Vigo e as súas homólogas de Santiago de Compostela e A Coruña, acompañadas tamén, na edición de 2021, por centros de FP e de Secundaria, entidades sociais, así como escolas profesionais. Celebrouse ao longo de tres xornadas, nas datas 20-22 de outubro de 2021.

vi. Participación na Feira de Emprego inCampus, celebrada en abril de 2022 na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. As xornadas formativas previas, o 25 e 26 de abril; a Feira de Emprego, o 27 e 28 de abril. Dentro da mesma, destacar:

- A xornada “En primeira persoa”, na que egresados dos graos en Dereito e Relacións Laborais transmiten a súa experiencia no mundo laboral, celebrada na F. C. Xurídicas e do Traballo, salón de graos, 27 de abril de 2022, 13:00 horas.
- As xornadas de saídas profesionais, celebradas o 27 de abril, ás 16:00 horas, para o ámbito das RRL e RRHH e o 28 de abril, ás 16:00 horas, para o ámbito xurídico.
- A presentación dos posgraos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do traballo, o 28 de abril, ás 17:45 horas.

vii. Participación na Asociación de Centros Universitarios de Relaciones Laborales, ARELCIT. Participación no Congreso de Centros Universitarios de Relacións Laborais e Ciencias do Traballo, celebrado en A Coruña, nas datas 20-22 de xullo de 2022.

Participación no Acto de Xura de novos e novas Colexiadas e Entrega das coderas de ouro, prata e bronce aos mellores expedientes do Grao en RRL e RRHH, no Colexio de Graduados Socias de Pontevedra, na data do 16 de novembro de 2021.

viii. Participación na Conferencia de Decanos/as das Facultades de Dereito de España.

ix. Participación na European Law Faculties Association (ELFA)

x. Inserción de publicidade sobre a oferta formativa da Facultade, no FARO DE VIGO, na súa edición dixital, coincidindo coas datas de publicación dos resultados das probas ABAU.

Neste curso académico, co fin de, por una banda, incrementar a visibilidade do Centro e as súas titulacións e, por outra, acadar un maior impacto na poboación obxectivo da publicidade e valorando os custos e o recorrido das diferentes opcións, decídese no mes de xuño manter unicamente a inserción da publicidade na edición dixital da prensa, no Faro de Vigo e mellorar a difusión a través de redes sociais. É así que xurde una nova liña de promoción, a través de FACEBOOK, INSTAGRAM, TWITTER e LINKEDIN.